



## NOTA DE PRENSA DO IESCHA

### ACORDO DA ÚLTIMA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

# NOMEAR SOCIO DE HONRA DO IESCHA A

# ALFONSO BLANCO TORRADO

### CREGO, ENSAÍSTA, MESTRE, CONFERENCIANTE E DINAMIZADOR CULTURAL



Na Asemblea Xeral Ordinaria que o Instituto de Estudos Chairegos celebrou o pasado día 22 de marzo de 2019, nun dos puntos da Orde do Día, e a proposta da Xunta Directiva, acordouse, por unanimidade dos asistentes, outorgar a condición de **SOCIO DE HONRA** do **INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS** a **ALFONSO BLANCO TORRADO**, crego, ensaísta, mestre, conferenciante e dinamizador cultural; fundador da AC Xermolos de Guitiriz e da Irmandade Manuel María; pola súa categoría humana e intelectual; por ser impulsor de infinidade de actividades culturais; por estar sempre disposto a fomentar a convivencia e apoiar aos demais en todo o que precisen; polo seu compromiso inquebrantable coa lingua e a cultura galegas, así como pola súa participación en movementos de dinamización e promoción da cultura galega en xeral e chairega, en particular.

---

**ALFONSO BLANCO TORRADO.**- Mestre, dinamizador cultural, escritor, conferenciante e, por riba de todo, un crego de aldea. A historia vital de Alfonso Blanco está unida polos fíos do corazón a Guitiriz e á comarca que el elixiu como fogar. Con catro anos, Alfonso Blanco, o maior de seis irmáns, descubriu o que era o rural. Do ambiente urbano daquel Montevideo onde nacía, como el di, polo idus de marzo de 1950, mudouse coa súa familia a Tella (Ponteceso). Alí tamén se ordenaría como sacerdote en outubro de 1976, o mesmo ano no que o bispo Araújo o destinou a Guitiriz coa encomenda de dinamizar a xuventude. Máis de 40 anos despois daquela viaxe sen retorno, vén de ser nomeado Fillo Adoptivo en recoñecemento ao seu inconmensurable labor de servizo á comunidade. (*xermolos.org*)